



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DA ALCALDÍA: RATIFICACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE RIANXO PARA A UN OBRADOIRO DE EMPREGO "DE CASTELAO A VALLE-INCLÁN"

A Consellería de Economía, Emprego e Industria convocou este ano 2017 unha liña de subvencións para a creación de obradoiros de emprego para persoas mozas incluídas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Dado que as bases reguladoras da concesión destas axudas establecen criterios que favorecen de maneira importante a presentación conxunta de máis dun concello e que o número de persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil tamén é un criterio moi valorado, os concellos de Rianxo e da Pobra do Caramiñal deciden presentar un proxecto conxunto, incrementando así de xeito importante as posibilidades de obter a subvención de que se trata.

Visto o anterior propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Ratificar o "Convenio de colaboración entre os concellos da Pobra do Caramiñal e Rianxo para a execución do obradoiro de emprego "De Castelao a Valle-Inclán" e solicitude conxunta para o seu financiamento ao abeiro da orde do 29 de marzo de 2017 (DOG N° 70 do 10/04/2017).

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital,

O Al calde,